



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE MAIO DE 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Natalia Alvarez Lata e José Daniel Pena Agras.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor comeza informando da realización, o pasado día 15 e 16 de maio, da CRUE e Universia na Universidade de Alcalá de Henares.

Onte mesmo tivo lugar o Consello Galego de Universidades. Neste informouse favorablemente o proxecto de Decreto de taxas e prezos públicos do SUG para o curso 2014-2015. Na negociación do punto, as universidades propuxeron a taxa de 20 € por materia para a matrícula dos estudos sen docencia. Verbo da matrícula dos estudantes estranxeiros que proveñen de fóra da UE, aparecerá no Decreto que por resolución reitoral se poidan determinar os prezos destas matrículas, deixando así espazo para a autonomía de cada universidade neste ámbito. Tamén se deu informe favorable para as titulacións que se van impartir no vindeiro curso, sempre que haxa informe favorable definitivo da ACSUG a 31 de xullo. Hai dúas titulacións que veñen arrastrando problemas de implantación. Son as titulacións de Enxeñaría Industrial de Lugo e de Enxeñaría Física de Ourense. O Consello Galego de Universidades non autorizou a implantación destas dúas titulacións para o vindeiro curso.

Tamén se comentou, tanto na CRUE como no Consello Galego de Universidades a oferta dun Mestrado en Psicoloxía Xeral Sanitaria por parte da UIMP, que pretende impartirse na súa sede da Coruña. Esta titulación está a ser impartida pola USC, mentres que a UIMP carece de profesorado propio, e tampouco consta que haxa colaboración con outras universidades para que os profesores destas o poidan impartir. O mestrado non parece contar coa calidade necesaria e o custo da súa matrícula é de 5000 €. O reitor manifesta a súa preocupación por estas políticas



académicas, preocupación tamén compartida pola CRUE e polo Consello Galego de Universidades.

Por último, o reitor anunciou onte no Consello Galego de Universidades a interposición dunha reclamación de reintegro contra a Xunta polo importe devindicado da paga extra correspondente a decembro do 2012. Déuselle á Xunta o prazo dun mes para reintegrar as cantidades adebedadas, que ascenden a un millón de euros.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da ampliación de capital na empresa TORUS, participada pola UDC, da publicación da asignación de fondos plurianuais para o ano 2014 aos grupos de investigación, unidades e investigadores individuais do catálogo e das declaracións de intencións recibidas para a presentación de novos programas de doutoramento que comezan no curso 2015-2016. Tamén informa da publicación da convocatoria de axudas de consolidación da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, das incidencias sobre a convocatoria de axudas para proxectos desenvolvidos por investigadores emerxentes da Xunta de Galicia e das solicitudes recibidas na convocatoria de axudas UDC-Inditex para estadias internacionais de estudantes de doutoramento. Así mesmo, o vice-reitor tamén dá conta das xornadas informativas levadas sobre os aspectos transversais no H2020 e sobre a ferramenta PEME e do número de solicitudes presentadas no programa H2020 nos catro primeiros meses de 2014.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que, de acordo co compromiso da universidade coas persoas con discapacidade se creou a Aula de Formación en Diversidade cuxo fin é formar a comunidade universitaria en temas de diversidade. Esta aula inicia a súa actividade coa convocatoria dun curso sobre Lingua de Signos para o cal xa está aberta a prescrición que remata o día 1 de xuño. O 12 de xuño terá lugar no salón de actos do campus de Ferrol a II Xornada Galega en Xénero baixo o lema “Roles de xénero nun mundo globalizado”. Esta xornada está organizada polas unidades de igualdade das tres universidades galegas. Do 17 ao 20 de xuño terá lugar en Ferrol o 5.º Congreso Europeo de Turismo Industrial entre cuxas sedes está o Centro Cultural Universitario e o salón de actos do campus de Ferrol. O prazo para participar neste congreso que ademais das sesións técnicas conta cun amplo programa de actividades paralelas, está aberto e ten carácter gratuíto.



O **secretario xeral** informa do remate das eleccións a representantes de estudantes no Consello de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC. Só houbo que facer procedemento de votación electrónica para o ámbito xurídico social, onde había máis candidatos que postos. Os resultados están expostos na web electoral.

Tamén informa de que o Tribunal Supremo admitiu a trámite o recurso de casación interposto pola Universidade contra a sentenza do 11 de decembro do 2013 do Tribunal Superior de Xustiza que anulou dúas prazas de profesor titular de universidade por incumprimento da taxa de reposición do ano 2012.

O **xerente** informa de que o pasado día 16 de maio tivo lugar a última reunión da Mesa de Acción Social en que, tras o correspondente debate e exposicións de posturas por parte de cada organización sindical, a representación da UDC, ante a falta de acordo, presentou a súa proposta final, consistente en asumir para 2015 un importe de gasto equivalente ao de 2014, considerando ao tempo a necesidade de que por parte da representación social se continúen a analizar as prioridades principais para atender neste eido.

Por outra parte, na última reunión, do pasado 15 de maio, entre a Xerencia e a Xunta de Persoal de PAS acordouse a revisión dos procedementos de cobertura temporal de postos de persoal funcionario en comisión de servizos e de asignación de roupa de traballo, para adaptalos á incorporación dos postos laborais á RPT de persoal funcionario. Finalizada a revisión destes procedementos, iniciárase durante o vindeiro mes de xuño a revisión desta RPT.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de abril

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de abril.

Intervén o estudante Ernesto Vázquez-Rey Farto para solicitar que no punto 4 os seus apelidos se recollan na orde correcta.

Tras a anterior corrección, a acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios



Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en tres (3) convenios marco, quince convenios específicos (15), e setenta e un convenios para prácticas (71) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

O profesor Moisés Canle aproveita este punto para comentar as queixas das empresas por ter que tramitar distintos convenios de prácticas para distintas facultades. Pregunta se non sería posible tramitar un só convenio para todas as titulacións. Contesta o secretario xeral.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de modificación do Regulamento de estudos de doutoramento

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, Ricardo Cao, quen explica o sentido da modificación puntual solicitada.

Na súa sesión do 11 de outubro do 2013, a Comisión de Doutoramento acordou remitir ao Consello de Goberno, para a súa aprobación, unha proposta de acordo para o curso 2013-2014, sobre a simultaneidade dos estudos de doutoramento con outros estudos de grao ou mestrado na UDC.

A proposta, aprobada polo Consello de Goberno do 29 de outubro do 2013, consistía en que *“Os estudantes matriculados nun Programa de Doutoramento poderán cursar simultaneamente 30 créditos ECTS adicionais no mesmo curso, sempre e cando eses créditos se correspondan con materias de segundo ano dun mestrado, e os 60 créditos ECTS de nivel de mestrado que lle deron acceso ao doutoramento correspondan ao mesmo mestrado para cursar polo doutorando no curso 2013-2014. Esta excepcionalidade só será aplicable ao presente curso 2013-2014”*.

A piques de expirar a vixencia do acordo excepcional adoptado en outubro do 2013, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da UDC, na súa sesión do 26 de maio do 2014, acordou solicitar do Consello de Goberno a modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento, para incorporar de xeito estable o anterior acordo á normativa, en concreto, ao seu artigo 24.

Tras a exposición do vicerreitor, ábrese unha quenda de intervencións.



O estudante Ernesto Vázquez-Rey Farto anuncia a abstención dos estudantes, polo feito de que non se incorporou aínda a representación dos estudantes ao Consello de Dirección da EIDUDC. Ao non haber urxencia, considera que sería mellor deixalo para o consello de goberno de xuño.

Replica o vicerreitor que se trata de garantir a seguridade xurídica dos estudantes de mestrado que queiran cursar doutoramento, isto é, aclarar en que condicións se vai poder facer a simultaneidade de estudos de mestrado e doutoramento.

Xosé Portela tamén solicita que conste a súa abstención.

Coa abstención dos cinco representantes de estudantes e de Xosé Portela, apróbase a modificación puntual do Regulamento de estudos de doutoramento por asentimento, e incorpórase como **Anexo IV** á presente acta.

5. Aprobación do calendario de novas propostas de programas de doutoramento

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen explica os principais aspectos do calendario proposto pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da UDC.

Tras a explicación das principais razóns da proposta, e sen ningunha intervención, apróbase o calendario e incorpórase a documentación como **Anexo V**.

6. Títulos propios de posgrao

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar que se trata das renovacións dos títulos propios que se impartiron o curso pasado, así como dous novos cursos, entre o que está o de asesoramento laboral, título cuxa xestión a Consellaría de Asuntos Sociais pretende delegar na CIXUG. Esta cuestión queda pendente do informe xurídico sobre a posibilidade de utilizar a CIXUG como medio propio delegado de xestión deste curso.

O vicerreitor agradece o traballo da Comisión de Títulos Propios, así como á Unidade de Estudos Propios de Posgrao o seu esforzo.



A proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **Anexo VI**.

7. Reestruturación de bolsas de colaboración de estudantes

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura expón que, en cumprimento do artigo 22 do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, tráese a presente proposta de reestruturación das bolsas propias de colaboración.

A proposta ten un duplo obxectivo: unificar as contías, as horas semanais e a duración das bolsas; e tamén subsumir as bolsas de biblioteca na convocatoria única. O primeiro obxectivo vén motivado pola disparidade que hai actualmente entre os tres tipos de bolsas, mentres que o segundo busca que as bolsas teñan unha carga formativa maior, á vista da mostraxe das memorias das actividades realizadas polas persoas beneficiarias. As bolsas de colaboración en departamentos quedan de momento de 6 meses coa intención de que converxan para a convocatoria 2015/2016.

A proposta conta co informe favorable da Comisión de Extensión Universitaria.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

8. Declaración institucional polo día do Orgullo LGTBIQ

Toma a palabra a vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social para expoñer que esta declaración institucional foi impulsada por representantes de estudantes no Consello de Goberno, en concreto Ernesto Vázquez-Rey Farto. A declaración foi informada favorablemente polo Consello Asesor de Igualdade, polo que se entendeu oportuna a súa exposición ao Consello de Goberno.

A vicerreitora cédelle a palabra a Ernesto Vázquez-Rey Farto, quen agradece, en primeiro lugar, que se introducise na orde do día. Asume, como propoñente, as matizacións introducidas polo Consello Asesor de Igualdade, e solicita que o reitor lea esta declaración en rolda de prensa o 27 de xuño, día internacional do orgullo LGTBIQ.

O profesor Sobrino Heredia sinala algúns erros de formulación. Os movementos modernos sobre os dereitos humanos teñen máis de 45 anos, e así, o 10 de decembro de 1948 a ONU aprobou a Declaración Universal de Dereitos Humanos, onde se inclúe a prohibición de discriminación sexual,



do mesmo xeito que o artigo 14 da Convención Europea de Dereitos Humanos. Tamén considera que as declaracións poderían facerse sobre moitas outras cuestións pendentes en materia de dereitos humanos.

José Venegas solicita que se faga unha declaración institucional sobre o orgullo heterosexual. En realidade declara estar en contra de utilizar a Universidade para calquera tipo de manifesto.

Nona Inés Vilariño pide o posicionamento do reitor sobre as declaracións institucionais. Cando proceden? Anuncia a súa abstención.

O proponente, Ernesto Vázquez- Rey Farto, lembra que esta declaración se promove por mor da publicación no DOG do día 25 de abril da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Non ten ningún problema en modificar o teor literal do texto para acoller a suxestión do profesor Sobrino Heredia.

Anuncian voto en contra José Venegas e Inés Pernas. Nona Inés Vilariño abstense.

Tras as anteriores intervencións e expresións de voto, apróbase o punto por asentimento e incorpórase á acta como **Anexo VIII**

9. Proposta para a promoción do profesorado axudante doutor e dos investigadores dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente explica que se propón a transformación de axudantes doutores que rematan o seu contrato en contratados doutores interinos sen concurso. No caso dos investigadores dos programas citados, a transformación non pode ser automática, pois deben concursar para acceder aos postos interinamente.

Sen producirse intervencións, apróbase por asentimento a proposta e incorpórase ao **Anexo IX**.

10. Proposta de prórroga dos contratos de PDI laboral asinados segundo o procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (aprobado polo Consello de Goberno do 30 de xuño do 2006)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente explica que o procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (aprobado



no Consello de Goberno do 30 de xuño de 2006) establece no punto terceiro que “A duración dos contratos efectuados por este procedemento non poderá ser superior á do curso académico en que se efectúe a contratación, con excepción dos contratos que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...), que se extinguirán cando se reincorpore o traballador substituído. Non obstante o anterior, a finalización dun contrato nunca poderá ser posterior á data en que remate o contrato da persoa a que se substitúe”.

Ante as limitacións actuais que para convocar prazas de profesorado universitario establecen as leis de orzamentos, propón establecer as seguintes normas para a prórroga dos contratos do profesorado contratado ao amparo do procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (aprobado no Consello de Goberno do 30 de xuño de 2006):

1. Os contratos efectuados por este procedemento que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...), extinguírase cando se reincorpore o/a traballador/a substituído/a, sempre que se manteñan as necesidades docentes na área de coñecemento. Non obstante o anterior, a finalización dun contrato nunca poderá ser posterior á data en que remate o contrato da persoa a que se substitúe.

2. Ao profesorado que durante o curso 2013/2014 fose contratado debido ás necesidades docentes da área de coñecemento, e sempre que se manteña esta mesma causa durante o curso académico 2014/2015, poderáselle renovar por un curso académico o seu contrato laboral.

3. Destas renovacións darase conta aos representantes dos traballadores

Esta proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo X**

11. Proposta de oferta pública de emprego de PDI para o ano 2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a aprobación das dúas prazas de contratado doutor que están autorizadas pola Xunta de Galicia, por aplicación da taxa de reposición, ao abeiro dos artigos 13 e 36 da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2014.

A oferta ten informe favorable da COAP e da mesa sindical.



Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XI** á presente acta.

12. Proposta de convocatoria de prazas de profesor contratado para o curso académico 2014/2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización das prazas necesarias para atender as demandas derivadas do POD para o vindeiro curso, así como os compromisos de estabilización permitidos pola taxa de reposición.

O vicerreitor aclara que esta proposta queda condicionada á autorización autonómica, que se solicitou a semana pasada, mais aínda non chegou. Unha vez autorizadas as prazas, enviaranse ao DOG para a publicación das convocatorias.

As prazas contan co informe favorable da mesa sindical e da COAP.

Intervén o profesor Castedo para trasladar a súa preocupación polos desequilibrios que se manifestan á hora de facer o encargo docente nas materias do novo plan de estudos de Informática. No seu departamento producíronse tensións, que se resolveron mediante un acordo interno. Hai profesores que non cobren a súa docencia e noutras áreas convócanse prazas. Pregunta que criterios se van utilizar para resolver estes desequilibrios.

Replica o reitor sobre o punto, relatando os pasos dados xa para flexibilizar a atribución de docencia nas materias nas áreas básicas dos graos, mais lembrando que non foi posible chegar a acordo para estender esta atribución a áreas non básicas. O vicerreitor engade que na negociación se buscan acordos cos departamentos para que algún profesor que poida perder o seu contrato poida xuntar a súa docencia con outras materias. O obxectivo é conservar o capital humano.

Tras un debate sobre a intervención do profesor Castedo, o punto apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo XII**

13. Proposta de autorización de anos sabáticos para o curso académico 2014/2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente comenta a proposta de anos sabáticos, en especial o caso de Carlos Martínez-Buján Pérez, que estivo no Consello Consultivo de Galicia desde 2007 en servizos especiais



até o seu reingreso ao servizo activo en marzo do 2014. A COAP informou favorablemente a concesión de sabático neste caso, mais concluíu na necesidade de repensar os criterios de concesión dos anos sabáticos, xustificando materialmente, e non só formalmente, a necesidade do permiso.

Gonzalo Faya súmase á intervención do vicerreitor, para que se lle dea unha revisión á normativa dos anos sabáticos.

Miguel Muñoz sinala nesta liña a necesidade de flexibilizar a concesión de sabático en materia de asunción de carga docente pola área, pois hai áreas xa moi sobrecargadas, que non permiten asumir máis docencia. O vicerreitor replica que, dadas as estreiteces económicas, non é moi viable esta flexibilización proposta.

O profesor Xurxo Dopico pregunta se se fixo o estudo comparado da regulación dos sabáticos noutras universidades galegas. O vicerreitor replica que non, aínda que considera que será positivo facelo.

Feitas as anteriores intervencións, apróbase a proposta por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo XIII**.

14. Proposta de autorización de excedencias temporais ao abeiro do artigo 83.3 da LOU

O vicerreitor de Profesorado e Planificación explica o marco normativo desta excedencia temporal para incorporación a unha EBT, previsto no artigo 83.3 da LOU.

A continuación expón as solicitudes de Guillermo López Taboada, que excedería até o 31 de agosto do 2015 para continuar o desenvolvemento da EBT “Torus Software Solutions SL”, e de Ángel Viña Castiñeiras, que continúa a desenvolver a EBT “Denodo Technologies” até o 31 de agosto do 2015, última prórroga da excedencia (quinto ano).

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XIV**

15. Proposta de licenzas

O vicerreitor de Profesorado somete a aprobación do Consello de Goberno a proposta de licenza sen soldo de Luis Cea Gómez, da área de Enxeñaría Hidráulica, para unha estadía dun ano nun instituto de Grenoble.



A proposta apróbbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XV**.

16. Proposta de aprobación da PDA do Grao de Comunicación Audiovisual para o curso académico 2014/2015

Esta, para o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, é unha proposta nova para o Consello de Goberno.

Hai desacordo entre o centro e a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, por esta razón sométese á aprobación do Consello de Goberno. O desacordo é que se autorizou un grupo máis para primeiro de Grao de Audiovisual, en que hai un límite de 50 estudantes. Tamén se autorizou unha modificación dos traballos de fin de grao, incorporándose profesores doutras áreas (Enxeñaría Cartográfica). O centro solicitaba tamén un sexto grupo en terceiro de grao, mais o vicerreitor entende que non hai xustificación para ese grupo adicional de titorías reducidas, e tal acordo non cumpriría a propia normativa de elaboración do POD, pois iso só é posible con profesores permanentes.

Apróbbase por asentimento a proposta da Vicerreitoría e incorpórase a PDA como **anexo XVI**.

17. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Xosé Portela comenta que se realizan contratos predoutorais ao abeiro da Lei 14/2011. Considera que se están facendo contratacións laborais fraudulentas para proxectos de investigación. Pregunta por que non se seguen a facer os contratos por obra ou servizo, e se se vai seguir en diante nesta política, que pode levar á declaración xudicial de contratación laboral fraudulenta.

A continuación, le un texto en que, no nome de APA-CUT, se solicita a dimisión do secretario xeral polas manifestacións feitas a título persoal no seu muro do Facebook sobre a mobilización dos PAS o día 6 de maio, cando se celebrou o Claustro universitario. Solicita a incorporación do texto da súa intervención á acta. Tamén solicita a dimisión do presidente do Consello Social polas súas declaracións sobre o cambio de modelo de goberno da universidade pública.



Pregunta, por último, que previsión hai para executar os autos que declaran a extensión de efectos das sentenzas que declararon o dereito individual á devolución da paga extra devindicada no último semestre do ano 2012.

O texto literal da intervención de Xosé Portela cuxa incorporación á acta se solicita é o seguinte:

“Diante das manifestacións públicas realizadas polo secretario xeral da Universidade a través da súa páxina de facebook en que se intenta desvirtuar tanto o sentido como a finalidade da mobilización realizada polo PAS o pasado día 6 de maio, e de paso, ningunear a súa representación sindical. Manifestacións que todos os sindicatos e agrupación electoral con presenza no colectivo, convocantes da acción, consideramos impropias dunha alta representación institucional, tal e como se sinala no comunicado que entregamos. Diante tamén das reiteradas declaracións realizadas polo presidente do Consello Social en que se pronuncia directamente pola mercantilización e privatización da Universidade e nas que se propugna unha universidade elitista moi afastada do que, ao noso entender, debe ser unha institución pública de ensino superior. Declaracións que nos parecen de todo punto intolerables vindo do máis alto representante dun órgano de goberno da Universidade da Coruña. A agrupación electoral APA e o sindicato CUT reclamamos a inmediata dimisión destes dous representantes institucionais. De non producirse a dimisión instamos o reitor, no caso do secretario xeral, a que proceda, de xeito inmediato, ao seu cesamento, e no caso do presidente do Consello Social, requirimos que, institucionalmente, se reclame ao presidente da Xunta de Galicia o seu cesamento”.

Manuela Pinazas remítese ao comentado por Xosé Portela.

José Manuel Sobrino Heredia comenta o acontecido na xornada sobre a situación en Crimea. Pediron a filmación do evento por parte da UDCtv, e sorprendeuse de que cobrasen pola filmación, polo que solicita información sobre o criterio que se emprega nestes casos.

Nona Ines Vilariño, en primeiro lugar, rexeita, como membro do Consello de Goberno e do Consello Social, a solicitude de dimisión do presidente do Consello Social. Remítese ao artigo publicado por Antonio Abril en *La Voz de Galicia* do domingo, en que se aclara perfectamente a súa opinión. A continuación, manifesta a súa preocupación pola implantación no campus de Lugo dos estudos de Enxeñaría Industrial. Solicita máis información, e



ponse ao dispor do reitor para colaborar na reconsideración desta implantación, que daría lugar a unha duplicidade inxustificable.

Luis Castedo comenta a sorpresa pola polémica xurdida respecto das declaracións de Antonio Abril, pois o presidente do Consello Social, lembra, vén dicindo estas opinións publicamente en distintos foros, mesmo na propia revista institucional da UDC, número de febreiro de 2014. O modelo do señor Abril non é o do ministro Wert, senón da universidade de Cambridge. Opina que a supervisión da sociedade civil sobre a universidade pública española é imperfecta, polo que debe participar máis activamente. Tamén considera que a excelencia académica está relegada na estrutura de incentivos da carreira profesional dos universitarios.

Ernesto Vázquez-Rey Farto refírese ao que considera desafortunadas declaracións de Antonio Abril, en que se apunta a un cambio de modelo de goberno das Universidades. Considera que o Consello Social debe tamén ser un órgano democrático, non un instrumento dun empresario posto a dedo polo poder político.

Sobre a normativa de avaliación, Gonzalo Faya pon en coñecemento do Consello de Goberno que a delegación de estudantes da EUAT enviou un correo aos estudantes da súa Escola co contido do artigo 16, e en dous días recibiron case cincuenta correos electrónicos sinalando distintos incumprimentos destas regras. Solicita que se cambie a estratexia de comunicación desta normativa, porque se está a incumprir. A seguir, le un comunicado da delegación de alumnos da EPS, por estaren en contra da proposta de horarios feita pola dirección, que segundo eles prexudica os estudantes con materias pendentes. Os estudantes solicitan reabrir a negociación dun horario axustado ás necesidades dos estudantes, e non dos profesores.

Sonia Souto intervén sobre as convocatorias de axudas de investigación. Dado que desapareceu a partida de desprazamento a congresos, e se integrou nas axudas aos grupos, considera que non se están a financiar nalgúns casos estes desprazamentos, por falta de fondos. Solicita que se faga unha reflexión ao respecto.

José Venegas, sobre a intervención do presidente do Consello Social, considera que ten todo o dereito a manifestarse sobre o modelo de goberno da universidade pública, e apoia todo o dito por el.



Fernando Vázquez, representante do Consello Social, comenta que as tres centrais sindicais solicitaron conxuntamente unha reunión extraordinaria do Consello Social para pedir explicacións. Considera que, como presidente do Consello Social, é o portavoz do Consello Social, e debería consultar con este antes de emitir opinións no exercicio dese cargo.

Nona Inés Vilariño ratifícase en relación coas opinións de Antonio Abril, e subliña que non hai divorcio entre o presidente do Consello Social e o reitor. As súas opinións non foron sobre a Universidade da Coruña, senón sobre a universidade española.

O reitor manifesta o seu respecto por calquera opinión de calquera membro da comunidade universitaria e, obviamente, tamén polas opinións públicas do presidente do Consello Social.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías explica que as tarifas do servizo de audiovisual están aprobadas e cobren os custos que a maiores poidan supor para a Universidade este tipo de actividades.

Sobre a impartición da titulación de Enxeñaría Industrial no campus de Lugo, o reitor lembra que houbo un discutible acordo do CGU en 2010, que se acordou manter en suspenso. Por iso non se aprobou onte a impartición do mestrado.

Sobre a conmemoración dos 25 anos, na vindeira semana farase unha rolda de prensa conxunta co presidente do Consello Social para presentar os principais actos e o logotipo da efeméride.

Sobre a normativa de avaliación, Julio Abalde contesta que sería bo coñecer eses correos para determinar correctamente a magnitude dos fallos se están a producir, pois xa se comentara na elaboración da normativa que eses prazos podían dar lugar a problemas.

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura comenta tamén, sobre o manifesto asinado polos estudantes da EPS, que se están xa a producir negociacións entre as partes.

Sobre as convocatorias das axudas para asistencia a congresos, o vicerreitor de Investigación e Transferencia comenta que, efectivamente, cambiou o sistema, integrándose no financiamento plurianual dos grupos e investigadores individuais.



Sobre os convenios de prácticas, a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura lembra que as empresas teñen que ter os convenios de colaboración educativa, mais non é preciso facer convenios marco de colaboración previos.

Xosé Portela comenta que os todos os cargos do equipo de goberno teñen a mesma responsabilidade que o reitor nas súas declaracións.

Miguel Muñoz comenta que no Mestrado Interuniversitario en Xerontoloxía, os estudantes non aparecen nas actas de Santiago de Compostela. O vicerreitor explícalle ao profesor Muñoz como funciona o sistema de matrículas nos mestrados interuniversitarios.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 12:16 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito